

Á/A do Consello Escolar.

Despois de que o Consello Escolar de Galicia, en que as organizacións sindicais (CIG, CCOO e UGT), os movementos de renovación pedagóxica (AS-PG, NEG, Escola Viva, o Seminario de Estudos Galegos), os representantes dos pais e nais (CONFAPA), os representantes estudiantís, os representantes da Universidade e os representantes da administración local do BNG e PSOE rexeitamos o borrador do Decreto do Plurilingüismo, entendemos que estamos ante unha norma educativa sen lexitimidade ao ser rexeitada pola maioría da comunidade escolar.

As OOSS, CIG-ENSINO, CCOO-ENSINO, FETE-UGT e STEG demandamos da administración que escoite á comunidade escolar e a creación de normas fomentadoras dunha maior capacitación lingüística. A norma proposta rebaixa a competencia lingüística do noso alumnado e desvaloriza a nosa función e a nosa autoridade profesional ante o alumnado e as súas familias.

Coa colaboración de todas e todos, temos a obriga cara ao noso alumnado de tentar parar unha norma contraria á calidade do ensino feita sen ningún criterio pedagóxico.

Solicitamos que sometades á consideración do Consello Escolar do voso centro o documento adxunto extraído das emendas do Consello Escolar de Galicia.

De ser aprobado polo voso Consello pregamos nolo enviades a calquera dos fax indicados máis abaixo para que as OOSS que promovemos esta iniciativa, nunha acción conxunta, traslademos a voz dos centros á Consellaría.

Fax: 981575839



Fax: 981551821



Fax: 981575033



Fax: 981580700



NOME DO CENTRO:

CONCELLO:

PROVINCIA:

O CONSELLO ESCOLAR do \_\_\_\_\_,  
despois de analizar o borrador do Decreto de plurilingüismo presentado pola Administración educativa ao Consello Escolar de Galicia e de deliberar sobre as razóns defendidas pola comunidade educativa no Pleno dese organismo celebrado o pasado 7 de abril, decide rexeitalo polas mesmas razóns alegadas polo Consello Escolar de Galicia, que, en síntese, son as seguintes:

- Empeórase, a xa de por si deficiente, competencia lingüística en galego.
- Impídese a tarefa normalizadora do profesorado tratando por igual a dúas linguas que están en situación de desigualdade.
- Desvalorízase a función docente e a súa profesionalidade ao permitir que as familias decidan o que debe ser obxecto de decisión polo profesorado, o verdadeiro coñecedor da realidade do alumnado e quen ten a formación necesaria.
- A libre elección da lingua por parte do alumnado socava a autoridade do profesorado ao lanzar ao alumnado a idea de que o profesorado fai o que decide a familia, mentres que o alumnado decide ao seu antollo.
- Abre a porta a creación de numerosos conflitos nos centros, que antes da aplicación desta norma non existían.
- É unha norma contraria ao consenso parlamentario do Plan de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia no 2004. Toda norma sobre a normalización do galego ten que respectar este Plano.

Por todo o anterior esiximos a retirada do borrador do plurilingüismo, como se aprobou por ampla maioría no Consello Escolar de Galicia, e que a elaboración da calquera norma se basee no consenso acadado co PNL do 2004

En ....., a ..... de ..... de 2010